



Solicitudes de libros de texto do **fondo solidario**

2º e 4º ESO Curso 2015/16

A orde do 21 de maio de 2015, (DOG do luns 1 de xuño de 2015), regula o **fondo solidario de libros de texto** destinado a alumnado de **2º e 4º de ESO** en centros públicos para o curso escolar 2015/16, e nela conclúese que:

- Cursos para os que se poden solicitar libros: **só 2º e 4º de ESO**
- Prazo e lugar para entregar as solicitudes: **Ata o 30 de xuño, na secretaría do Instituto.**

- Documentación a entregar:

- 1- **Solicitud debidamente cuberta e asinada .**

As solicitudes pódense recoller na Secretaría, ou baixalas de internet en <https://sede.xunta.es> ou no portal educativo <http://www.edu.xunta.es> e deberán ir asinadas polo/a pai/nai ou representante legal do alumnado e farase 1 por cada alumno ou alumna.

- 2- **Copia do libro de familia onde figuren todo os membros da unidade familiar.**

A situación familiar que se ten en conta é a que existía a 31 de decembro de 2013. **Se os datos actuais non coinciden cos do libro de familia deberá achegar documentación xustificativa:** sentenza de separación ou divorcio ou custodia do menor, certificado de convivencia, falecemento , discapacidade, violencia de xénero, etc, segundo sexa o caso.

- Requisitos para poder obter os libros de texto:

- 1- **Ter devolto os libros adquiridos coas axudas do curso 2014/15.**
- 2- **Entregar a solicitude e a documentación xustificativa dentro do prazo establecido.**

A adxudicación de libros de texto dependerá das existencias do fondo de libros do centro, é dicir, dos devoltos polo alumnado deste ano que os comprou coas axudas concedidas e aqueles outros que voluntariamente acheguen a ANPA ou as familias que os mercaron e queiran incorporalos ao fondo solidario. **Esta adxudicación farase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar (a menos renda mais prioridade).** [A renda comprobarase telematicamente cruzando os datos coa Axencia Tributaria.](#)

A **resolución provisional** de solicitudes admitidas ou excluídas será publicada no centro e na páxina web o día 7 de xullo e poderanse formular reclamacións os días 8 e 9 de xullo.

A **resolución definitiva** de solicitudes admitidas ou excluídas será publicada no centro e na páxina web o **día 15 de setembro.**

- A entrega dos libros de texto será a partir do día 15 de setembro.